

MINISTERIO DE FOMENTO

10139 REAL DECRETO 544/2007, do 27 de abril, polo que se regula o abandeiramento e matriculación das embarcacións de recreo na lista sétima do Rexistro de matrícula de buques. («BOE» 120, do 19-5-2007.)

Durante os últimos anos produciuse un importante incremento cuantitativo das embarcacións dedicadas á práctica de actividades de recreo ou ocio sen ánimo de lucro ou á pesca non profesional. Este incremento veu motivado pola maior dispoñibilidade do tempo libre, unido, fundamentalmente, á posta no mercado de novos produtos que ademais de posuíren unha mellor calidade son máis alcanzables para o público, principalmente pola aplicación de técnicas e materiais máis avanzados.

A diversificación desta oferta non afectou, porén, ás condicións mínimas de seguranza, tanto no que se refire aos requisitos técnicos das embarcacións de recreo, como no que afecta á súa comercialización, tal e como demostra o feito de que un importante número destas embarcacións se encontren avaladas pola marcación CE, que garante a súa conformidade coas especificacións de seguranza exixibles respecto do seu deseño e construción, cumprindo as exixencias establecidas no Real decreto 2127/2004, do 27 de outubro, polo que se regulan os requisitos de seguranza das embarcacións de recreo, das motos náuticas, dos seus compoñentes e das emisións de escape e sonoras dos seus motores.

O citado real decreto continuou a tendencia iniciada coa aprobación do Real decreto 297/1998, do 27 de febreiro, polo que se regulan os requisitos de seguranza das embarcacións de recreo, embarcacións de recreo semiacabadas e os seus compoñentes en aplicación da Directiva 94/25/CE, sobre harmonización das diferentes lexislacións dos Estados membros da Unión Europea. A súa finalidade é eliminar os obstáculos ao comercio e as condicións de competencia desiguais en relación co deseño e construción das embarcacións de recreo, sen que se produza ningunha mingua dos requirimentos básicos de seguranza no seu deseño e construción.

A confluencia dos factores expostos, unida ao incremento do número deste tipo de embarcacións inscritas ou que se van inscribir no Rexistro de matrícula de buques español, aconsella regular de maneira específica os trámites precisos para o seu abandeiramento, nun afán de responder ás expectativas dos usuarios destas embarcacións e simplificar os procedementos exixidos pola Administración marítima en relación con elas.

Desde esa perspectiva, este real decreto regula os requisitos exixibles para obter o abandeiramento e o correspondente permiso de navegación das embarcacións destinadas á actividade exclusiva do recreo ou ocio sen ánimo de lucro ou á pesca non profesional mediante un procedemento de desconcentración de competencias, que son asumidas polas capitánías marítimas, modificando, neste sentido, o establecido no Real decreto 1027/1989, do 28 de xullo, polo que se establecen as normas administrativas reguladoras do abandeiramento e matriculación dos buques e embarcacións, e rexistro marítimo.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Fomento, coa aprobación previa do ministro de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 27 de abril de 2007,

DISPONGO:

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto establecer o procedemento para o abandeiramento e matriculación das embarcacións de recreo xa rexistradas ou que se van rexistrar na lista sétima do Rexistro de matrícula de buques das enumeradas no artigo 4.1 do Real decreto 1027/1989, do 28 de xullo, polo que se regula o abandeiramento, matriculación de buques e rexistro marítimo.

Artigo 2. *Definicións.*

Para efectos do previsto neste real decreto enténdese por:

a) «Embarcación de recreo» (en diante «embarcación»): embarcación civil de calquera tipo, con independencia do seu medio de propulsión, cuxo casco teña unha eslora comprendida entre 2,5 e 24 metros e estea destinada á realización de actividades de recreo ou ocio sen ánimo de lucro ou para a pesca non profesional.

Esta definición débese entender sen prexuízo do carácter de embarcacións e buques de recreo ou de deportes náuticos que, de acordo coas normas tributarias, teñan as embarcacións proxectadas para a realización de actividades de recreo e ocio que presenten unha eslora que exceda de 24 metros.

b) «Eslora»: a distancia medida paralelamente á liña de flotación de referencia, entre dous planos perpendiculares ao plano central da embarcación situados un na parte máis á súa proa e o outro na parte máis á popa.

Esta eslora inclúe todas as partes estruturais da embarcación e as que forman parte integrante dela, tales como rodas ou popas de madeira, metal ou plástico, as amuradas e as xuntas casco/cuberta, así como aquelas partes desmontables do casco que actúan como soporte hidrostático ou hidrodinámico cando a embarcación está en repouso ou navegando.

Esta eslora exclúe todas as partes móbiles que se podan desmontar de forma non destrutiva sen afectar a integridade estrutural da embarcación, tales como paus, penois, plataformas saíntes en calquera extremo da embarcación, gornicións de proa, temóns, soportes para motores, apoios para propulsión, plataformas para mergullarse e acceder a bordo e proteccións e defensas.

c) «Abandeiramento»: acto administrativo polo cal, tras a correspondente tramitación prevista neste real decreto, se autoriza que unha embarcación enarbore pavillón español e se inscriba no Rexistro de matrícula de buques da capitanía marítima correspondente á súa matrícula.

d) «Porto de matrícula» ou, simplemente, «matrícula»: porto onde se encontre a capitanía marítima na cal se pretenda rexistrar ou estea rexistrada a embarcación.

e) «Indicativo de matrícula»: conxunto alfanumérico no cal, ademais de figurar o porto de matrícula, se identifica e individualiza cada embarcación de recreo. O indicativo de matrícula deberá figurar en ambas as amuras.

f) «Usuario»: toda persoa distinta do propietario, autorizada por este para o uso e desfrute da embarcación, sempre que o seu uso ou desfrute non se realice baixo calquera modalidade de arrendamento dela.

g) «Entidades colaboradoras»: as autorizadas polo Ministerio de Fomento para realizar actividades de inspección e control das embarcacións de recreo, que reúnan as condicións exixidas no artigo 6 do Real decreto 1434/1999, do 10 de setembro, polo que se establecen os recoñecementos e inspeccións das embarcacións de recreo para garantir a seguranza da vida humana no mar e se determinan as condicións que deben reunir as entidades colaboradoras de inspección.

h) «Zona de navegación»: zona limitada a unha determinada distancia da costa na cal se autoriza a navegar unha embarcación, asignada polo capitán marítimo en función das características da embarcación e dos equipos de seguranza a bordo dela.

i) «Número de identificación do servizo móbil marítimo (MMSI)»: número de nove cifras que serve para identificar cada buque para efectos de radiocomunicacións e debe ser programado nos equipamentos automáticos e nas radiobalizas por satélite, de acordo co artigo 19 do Regulamento de radiocomunicacións da Unión Internacional de Telecomunicacións.

j) «Licenza de estación de barco (LEB)»: documento que lle permite a un particular ou entidade instalar ou explotar unha estación transmisora conforme as disposicións do Regulamento de radiocomunicacións da Unión Internacional de Telecomunicacións e as do país do cal dependa esa estación.

k) «Países terceiros»: Estados que non son membros da Unión Europea.

l) «Transferencia da titularidade»: todo cambio na propiedade dunha embarcación acreditado documentalmente por calquera medio válido en dereito e anotado no rexistro de buques.

m) «Certificado de rexistro español-permiso de navegación»: documento integrado, expedido pola Administración marítima española, que acredita a inscrición da embarcación no Rexistro de matrícula de buques.

O permiso de navegación é o documento que substitúe a licenza de navegación e que deben levar todas as embarcacións, de acordo con este real decreto. Neste documento figurarán as características principais da embarcación e os datos do seu propietario e terá o formato que se indica no anexo I e será exixible para as embarcacións sen tripulación profesional. As embarcacións con tripulación profesional usarán o modelo oficial de rol que lles corresponda de acordo co previsto na Orde do 18 de xaneiro de 2000 pola que se aproba o Regulamento sobre despacho de buques.

n) «Folla de asento»: documento de carácter físico ou electrónico que contén toda a información relativa á embarcación de que se trate. A folla de asento ábrese co abandeiramento da embarcación; anótanse nela todas as vicisitudes que a afecten ao longo da súa vida útil e cerra coa súa desaparición ou desmantelamento.

o) «Actos rexistrables»: os que deben figurar na folla de asento da embarcación. Deberanse rexistrar as transferencias de propiedade ou titularidade, os cambios de motor, de matrícula, de lista, así como calquera outro acto que supoña a creación, modificación ou extinción dun gravame que pese sobre a embarcación.

Artigo 3. *Ámbito de aplicación.*

1. O disposto neste real decreto será de aplicación:

a) Ao abandeiramento e matriculación das embarcacións de recreo de construción nacional que se rexistren por primeira vez, así como para o abandeiramento en España e matriculación das embarcacións importadas, xa sexan de nova construción ou existentes.

b) Ás anotacións nas follas de asento de calquera outro cambio inscristible que se dean sobre as embarcacións xa abandeiradas e rexistradas.

2. Este real decreto será, así mesmo, de aplicación ás embarcacións importadas como consecuencia dunha transferencia de titularidade, que estivesen previamente matriculadas no país de procedencia.

3. Están excluídas do ámbito de aplicación deste real decreto as motos náuticas e os artefactos náuticos, con independencia de que se usen exclusivamente para a

práctica do deporte sen ánimo de lucro o a pesca non profesional.

4. Tampouco se aplicará este real decreto aos procedementos de cambio de lista, desde a lista sétima a calquera outra das listas enumeradas no artigo 4 do Real decreto 1027/1989, do 28 de xullo.

Artigo 4. *Abandeiramento e rexistro.*

1. O procedemento de abandeiramento e matriculación iniciarase coa solicitude do propietario da embarcación ante a capitanía marítima correspondente ao porto de matrícula elixido por el, cuberta de acordo co modelo que figura no anexo III. A esta solicitude xuntarase, se é o caso, a petición de asignación do número de identificación do Servizo Móbil Marítimo (MMSI), segundo o modelo do anexo III.

O modelo de solicitude deberá estar dispoñible en calquera capitanía marítima e na páxina web do Ministerio de Fomento.

2. As transferencias de titularidade e os demais actos rexistrables poderanse realizar perante a capitanía marítima do porto de matrícula ou perante calquera outra capitanía marítima, mediante a presentación do título de adquisición da propiedade.

No caso de que a solicitude se presentase nunha capitanía marítima que non sexa a que corresponde ao seu porto de matrícula, efectuarase a correspondente anotación electrónica na folla de asento da súa matrícula e enviarase a documentación, para o seu arquivo, á capitanía marítima do seu porto de matrícula.

3. Os cambios de porto de matrícula solicitaranse perante a capitanía marítima da nova matrícula ou perante calquera outra capitanía. No caso de que a solicitude se presentase nunha capitanía distinta da da súa matrícula, efectuarase a correspondente anotación electrónica na folla de asento e enviarase a documentación ao porto de matrícula para o seu arquivo. A capitanía marítima do porto de matrícula de orixe remitirá todo o expediente histórico da embarcación á da nova matrícula para o seu arquivo.

4. Aos impresos citados no punto anterior deberase xuntar, segundo os casos, a documentación que se especifica nos artigos 6 e 7, ben mediante a achega de documentos orixinais ou mediante fotocopia autenticada.

Artigo 5. *Nome da embarcación.*

O nome da embarcación asignarase, por proposta do interesado, con suxeición ao seguinte:

a) Ao solicitar o abandeiramento, no modelo que figura no anexo III, o interesado propondrá tres nomes, con indicación da orde de preferencia.

b) A asignación do nome será realizada pola capitanía marítima ao ditar resolución sobre a solicitude de abandeiramento. A asignación decidirse con suxeición aos seguintes requisitos:

1. O nome proposto non pode coincidir co asignado ou reservado a outra embarcación inscrita na lista sétima da mesma capitanía marítima.

2. Os nomes compostos non terán máis de tres palabras, salvo toponímicos e nomes históricos.

3. Poderanse autorizar anagramas, se non se prestan a confusión, así como números a continuación dun nome, que deberán figurar escritos en letras e non en cifras.

4. En todo caso, o nome figurará utilizando o alfabeto español.

Artigo 6. Documentación requirida para o abandeiramento de embarcacións con marcación CE.

A solicitude de abandeiramento e do MMSI das embarcacións de recreo con marcación CE irá acompañada da seguinte documentación:

a) Declaración de conformidade da embarcación emitida polo construtor ou o seu representante autorizado establecido na Unión Europea e copia dos certificados dos organismos notificados se o módulo de avaliación elixido así o exixe.

b) Declaración de conformidade do motor emitida polo fabricante ou o seu representante autorizado establecido na Unión Europea, se procede, e nese caso copia dos certificados dos organismos notificados se o módulo de avaliación elixido así o exixe.

c) Manual do propietario para a embarcación en lingua castelá ou, no caso de que estiver escrito noutra lingua, acompañado de tradución ao castelán.

d) Manual do propietario para o motor en lingua castelá ou, no caso de que estiver escrito noutra lingua, acompañado de tradución ao castelán.

e) Achega do título de adquisición da propiedade ou do dereito de desfrute.

f) Autorización, se é o caso, pola que se acredite outra persoa física ou xurídica para actuar en nome do propietario da embarcación, todo isto de conformidade co previsto no artigo 32.3 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

g) Despacho de alfándegas, se é o caso, para as embarcacións procedentes de países terceiros.

h) Certificado de baixa no rexistro do país de procedencia para as embarcacións importadas e rexistradas previamente noutro país.

i) Documentación acreditativa do pagamento ou, se é o caso, de non suxeición ou exención do imposto especial sobre determinados medios de transporte.

j) Xustificante de ingreso da taxa de inscrición no Rexistro de buques, regulada na disposición adicional décimo sexta da Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da mariña mercante.

k) Certificado das balsas salvavidas, que cumpran o indicado na Orde FOM/1144/2003, do 28 de abril, pola que se regulan os equipamentos de seguranza, salvamento, contra incendios, navegación e prevención de verteduras por augas sucias, que deben levar a bordo as embarcacións de recreo.

l) Xustificante do pagamento da taxa por servizo de sinalización marítima, regulada no artigo 30 da Lei 48/2003, do 26 de decembro, de réxime económico e de prestación de servizos dos portos de interese xeral.

Artigo 7. Documentación requirida para o abandeiramento de embarcacións sen marcación CE.

1. Respecto das embarcacións que carezan da marcación CE, tanto novas, coa excepción das construídas por afeccionados, como aquelas existentes procedentes de países terceiros ou procedentes de poxa ou achados, que carezan de documentación identificativa da embarcación e do país de procedencia, deberase obter, previamente á súa matriculación, a marcación CE, mediante un procedemento de avaliación da conformidade con posterioridade á súa fabricación, regulado no artigo 6.1 do Real decreto 2127/2004, do 29 de outubro, polo que se regulan os requisitos de seguranza das embarcacións de recreo, das motos náuticas, dos seus compoñentes e das emisións de escape e sonoras dos seus motores.

Unha vez obtida a dita marcación, poderase solicitar a matriculación presentando a documentación indicada no artigo anterior.

2. As embarcacións existentes procedentes da Unión Europea que carezan da marcación CE poderanse matricular sempre que se cumpra unha das condicións seguintes:

a) Que a embarcación dispoña dun certificado de inspección de buques anterior ao 2 de xuño de 1992, expedido pola Dirección Xeral da Mariña Mercante.

b) Que a embarcación dispoña dun certificado de homologación expedido pola Dirección Xeral da Mariña Mercante.

c) Que a embarcación dispoña dun certificado de construción por unidades expedido pola Dirección Xeral da Mariña Mercante.

d) Que se presente un proxecto elaborado e asinado por técnico titulado competente, segundo o establecido na disposición adicional segunda do Real decreto 1837/2000, do 10 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de inspección e certificación de buques civís, e visado polo colexio profesional correspondente, que demostre que a embarcación cumpre co establecido na Orde FOM/1144/2003, do 28 de abril, e nas normas UNE harmonizadas que se inclúen na listaxe do anexo II.

Así mesmo, deberán superar con resultado favorable o recoñecemento inicial realizado pola Administración marítima de acordo co establecido no artigo 3.A do Real decreto 1434/1999, do 10 de setembro.

As embarcacións previamente rexistradas noutro Estado membro da Unión Europea, que teñan menos de 15 anos de antigüidade e unha eslora inferior a 12 metros, poderanse matricular sen necesidade de presentar o correspondente proxecto, sempre que a marca e o modelo figuren na base de datos das embarcacións homologadas pola Dirección Xeral da Mariña Mercante, e a Administración marítima someta a embarcación a un recoñecemento inicial que será ampliado, co alcance dos recoñecementos periódicos definidos no artigo 3.B do Real decreto 1434/1999, do 10 de setembro.

3. Nos supostos considerados no punto anterior, o interesado presentará ante a capitanía marítima a documentación que se indica a continuación:

a) Certificado de inspección de buques ou certificado de homologación ou certificado de construción por unidades ou o proxecto que se indica no punto 2.d) deste artigo, segundo proceda.

b) Achega do título de adquisición da propiedade ou do dereito de desfrute.

c) Certificado de baixa no rexistro do país de orixe para as importadas previamente rexistradas noutro país.

d) Autorización, se é o caso, de conformidade co previsto no artigo 32.3 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, que acredite a outra persoa física ou xurídica para actuar en nome do propietario.

m) Documentación acreditativa do pagamento ou, se é o caso, non-suxeición ou exención do imposto especial sobre determinados medios de transportes.

e) Xustificante de ingreso da taxa de inscrición no Rexistro de matrícula de buques, regulada na disposición adicional décimo sexta da Lei 27/1992, do 24 de novembro.

f) Certificado da(s) balsa(s) salvavidas, que cumpran o indicado na Orde FOM/1144/2003, do 28 de abril.

g) Xustificante do pagamento da taxa por servizo de sinalización marítima, regulada no artigo 30 da Lei 48/2003, do 26 de decembro.

Artigo 8. Documentación requirida para o abandeiramento de embarcacións construídas por afeccionados.

1. As embarcacións novas construídas por afeccionados poderanse abandeirar e rexistrar se se cumpre o establecido no artigo 7.2.d).

Neses casos, o interesado presentará ante a capitanía marítima a documentación que se indica no artigo 7.3.

2. Se a embarcación construída por afeccionado se comercializa, con independencia do tempo transcorrido desde a súa construción, deberase obter, previamente á súa inscrición no rexistro, a marcación CE mediante un procedemento de avaliación da conformidade con posterioridade á súa fabricación, regulado no artigo 6.1 do Real decreto 2127/2004, do 29 de outubro.

3. Unha vez obtida esta marcación poderase solicitar a inscrición no rexistro presentando a documentación indicada no artigo 6.

Artigo 9. Tramitación.

A capitanía marítima ante a cal se presentou a solicitude realizará todas as actuacións necesarias para a tramitación do expediente de acordo co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Artigo 10. Resolución do procedemento.

1. O procedemento de abandeiramento finalizará mediante resolución motivada do capitán marítimo, ditada no prazo dun mes desde a presentación da solicitude. A resolución, que lle será notificada ao interesado, conterá a autorización do seu abandeiramento ou a súa denegación motivada, conforme a lexislación vixente.

2. No caso de que a resolución sexa desestimatoria, xunto coa súa notificación ao interesado xuntaranse os documentos orixinais que acompañasen a solicitude de abandeiramento.

3. A resolución do capitán marítimo será susceptible de recurso de alzada ante o director xeral da Mariña Mercante, cuxa resolución porá fin á vía administrativa, e contra ela caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo.

Artigo 11. Actuacións derivadas da resolución de abandeiramento.

1. No caso de que a resolución autorice o abandeiramento da embarcación, a capitanía marítima realizará as seguintes actuacións:

a) Rexistrarse a embarcación na lista sétima do Rexistro de matrícula de buques da capitanía marítima, facendo constar a matrícula da embarcación, o número de identificación do buque (NIB) e o nome da embarcación.

b) Outorgarse o MMSI para os transmisores de chamada selectiva dixital e radiobalizas satelitarias, e unha licenza de estación de barco (LEB) nos casos en que se instale algún equipamento transmisor de radiocomunicacións.

c) Comunicaráselle á Dirección Xeral da Mariña Mercante a resolución e os extremos apuntados nas alíneas a) e b) anteriores, para efectos da súa incorporación ao Rexistro marítimo central.

2. O interesado retirará da capitanía marítima o correspondente certificado de rexistro-permiso de navegación, o certificado de navegabilidade e a licenza de estación de barco (LEB), expedidos no formato que se recolle nos anexos I e IV.

Artigo 12. Pagamento das taxas.

1. O pagamento da taxa de inscrición no rexistro acreditarase ao solicitar o abandeiramento.

2. O abandeiramento dunha embarcación comporta, ademais, o pagamento da taxa por emisión do certificado de navegabilidade conforme o disposto no artigo 12 da Lei 14/2000, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, e na modificación do seu punto sete efectuado pola Lei 24/2001, do 27 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, e da taxa por atribución do MMSI e por emisión da licenza de estación de barco, se é o caso, de acordo co previsto no artigo 4 da Lei 4/2004, do 29 de decembro, de modificación de taxas e de beneficios fiscais de acontecementos de excepcional interese público.

3. O pagamento das taxas indicadas no punto anterior realizarase en entidade de depósito autorizada polo Ministerio de Economía e Facenda, de conformidade co disposto no artigo 12.5 da Lei 14/2000, do 29 de decembro, e formalizarase nun único instrumento de cobramento que recolla o importe total que hai que aboar e os conceptos desagregados correspondentes a cada taxa.

Este pagamento acreditarase ante a capitanía marítima no momento en que o interesado retire dela os certificados a que se fai referencia no artigo 11.2.

Artigo 13. Obrigas dos propietarios e usuarios das embarcacións.

1. Os propietarios das embarcacións deberán solicitar a súa matriculación, instar a súa baixa no rexistro e realizar todos os actos precisos para manter ao día os documentos a que se refire o artigo 11.2.

2. Os propietarios das embarcacións e, se é o caso, os usuarios serán responsables de levar a bordo os documentos a que se fai referencia no punto anterior.

3. A inexactitude ou falsidade na información verbo das embarcacións ou na documentación achegada, así como a ausencia a bordo da embarcación dos documentos citados no artigo 11.2, ou a súa falsidade ou alteración, serán sancionados conforme o disposto no título IV da Lei 27/1992, do 24 de novembro.

Artigo 14. Renovación do certificado de rexistro español-permiso de navegación.

1. A renovación do certificado de rexistro español-permiso de navegación deberase realizar cada cinco anos, para o cal a persoa que figure como propietario no rexistro de buques deberá solicitar a súa renovación no prazo de tres meses con anterioridade á finalización da validez do certificado.

A non-renovación do certificado de rexistro-permiso de navegación implicará a súa cancelación de oficio.

2. A solicitude presentarase ante calquera capitanía marítima, a cal, tras comunicarllo á do porto de matrícula para a súa toma de razón na folla de asento, expedirá un novo certificado de rexistro español-permiso de navegación.

Seguirase o mesmo procedemento nos casos de extravío, furto ou perda do certificado de rexistro español-permiso de navegación.

3. A variación dos datos ou a transferencia de titularidade deberá ser comunicada con carácter inmediato a calquera capitanía marítima, a cal expedirá un novo certificado de rexistro español-permiso de navegación seguindo o procedemento anteriormente indicado. Deberá presentar aqueles documentos de entre os citados no artigo 6 que xustifiquen a transferencia de titularidade ou a variación dos datos que dean lugar á emisión

do novo certificado de rexistro español-permiso de navegación.

4. O pagamento das taxas correspondentes á renovación do certificado de rexistro español-permiso de navegación e a anotación na folia de asento realizarase no momento en que o interesado retire da capitania marítima o novo certificado.

Artigo 15. Troco do certificado de rexistro español-permiso de navegación.

1. O certificado de rexistro español-permiso de navegación que se indica no anexo I trocarase por outro novo nos seguintes casos:

- a) Cando sexa imposible o seu uso por manifesta deterioración.
- b) Cando o documento sexa ilexible.

Para isto abondará coa presentación do certificado que se vai trocar ante calquera capitania marítima, a cal, tras comunicarllo á do porto de matrícula para a súa toma de razón na folia de asento, expedirá un novo certificado de rexistro español-permiso de navegación.

2. O pagamento das taxas correspondentes á emisión dun novo certificado de rexistro español-permiso de navegación e a anotación na folia de asento realizaranse no momento en que o interesado ou a persoa debidamente autorizada, se é o caso, solicite o servizo de conformidade co previsto na disposición adicional décimo sexta da Lei 27/1992, do 24 de novembro, modificada polo artigo 17 da Lei 24/2001, do 27 de decembro, retire da capitania marítima o novo certificado.

Disposición adicional única. Exención á aplicación de normas harmonizadas.

As embarcacións existentes procedentes da Unión Europea como consecuencia dunha transferencia de titularidade e construídas antes da entrada en vigor do Real decreto 297/1998, do 27 de febreiro, que presenten o proxecto indicado no artigo 7.2.d), deberán cumprir, na medida do posible, coas normas harmonizadas que figuran no anexo II, xustificando nese proxecto aqueles requisitos que non se cumpran.

Disposición transitoria primeira. Embarcacións xa abandeiradas.

1. A partir da entrada en vigor deste real decreto, as embarcacións que pretendan abandeirarse e rexistrarse na lista sétima do Rexistro de matrícula de buques, así como calquera acto rexistrable que afecte as xa matriculadas, deberán facelo de acordo co procedemento que se establece neste real decreto.

2. As embarcacións xa abandeiradas e rexistradas seguirán usando as licenzas de navegación de que van provistas ata que realicen algunha das operacións ou actos que motivan algún tipo de inscrición rexistral ou

anotación en folia de asento; neste momento substituiranse polo certificado de rexistro español-permiso de navegación que se crea por este real decreto.

Disposición derogatoria única. Derogación normativa.

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao previsto neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. Aplicabilidade del Real decreto 1027/1989, do 28 de xullo.

O disposto no Real decreto 1027/1989, do 28 de xullo, non será de aplicación ás embarcacións que se rexistren na lista sétima en relación cos supostos regulados neste real decreto, para os cales será de aplicación o procedemento establecido por esta norma.

Non obstante, para o resto dos procedementos administrativos relativos ás incidencias que se produzan na existencia destas embarcacións, continuarán aplicándose as previsións do citado Real decreto 1027/1989, aínda que a competencia para a súa tramitación e resolución corresponderán ás capitanías marítimas.

Disposición derradeira segunda. Título competencial.

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.20.^a da Constitución española, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de mariña mercante e abandeiramento de buques.

Disposición derradeira terceira. Habilitación normativa.

Autorízase o ministro de Fomento para ditar, no ámbito das súas competencias, as disposicións necesarias para o desenvolvemento e aplicación deste real decreto.

Disposición derradeira cuarta. Modificación de anexos.

Autorízase o director xeral da Mariña Mercante para modificar ou actualizar os anexos deste real decreto, cando isto veña imposto por normativa nacional ou da Unión Europea ou en función de avances técnicos.

Disposición derradeira quinta. Entrada en vigor.

Este real decreto entrará en vigor o día 1 de outubro de 2007.

Dado en Madrid o 27 de abril de 2007.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Fomento,
MAGDALENA ÁLVAREZ ARZA

ANEXO I

Certificado de rexistro español–permiso de navegación

CERTIFICADO DE
CERTIFICATE OF SPANISHREXISTRO ESPAÑOL
REGISTRY

PERMISO DE NAVEGACIÓN
EMBARCACIONES DE RECREO

Data de validez: _____

NIB: _____

Nome		Indicativo matrícula	Marca	Modelo	Número serie
Material casco		Propulsión	Combustible	Eslora (ISO)	Zona de navegación /
1. Madeira 2. Aluminio 3. Aceiro 4. Fibra 5. Outros	1. Foraborda 2. Intraborda 3. Veleiro 4. Motoveleiro	1. Gasóleo 2. Diésel 3. Gasolina 4. Outros	Ano de construcción	Categoría deseño/Zona navegación A. 1.2.3.4.5.6.7. B. 2.3.4.5.6.7. C. 4.5.6.7. D. 7.	
Número de motores		Número máximo de persoas a bordo		Titulación requirida	
Propietarios	Apelidos e nome	Domicilio		Número	
1.				1. DNI	4. Tarxeta, de identidade de estranxeiro
2.				2. NIF	Nacionalidade
3.				3. Pasaporte	

1. Este documento autoriza a navegación desta embarcación. Deberase encontrar a bordo do buque en navegación, xunto coa titulación do patrón, certificado de navegabilidade e seguro de responsabilidade civil en vigor.

2. O certificado de rexistro español debe ser renovado por períodos de cinco anos pola persoa que figura como propietario no rexistro de buques, solicitando a súa renovación no prazo de tres meses con anterioridade á finalización da validez do certificado. Non renovalo suporá a súa cancelación de oficio.

3. Calquera variación dos datos así como a transferencia de titularidade deberá ser comunicada con carácter inmediato á capitanía marítima, que emitirá, se é o caso, o novo certificado.

.....

....., o de200...

O capitán marítimo

ANEXO II
Listaxe normas UNE harmonizadas

Norma	Título
UNE-EN ISO 8099:2001	Embarcacións de recreo. Sistemas de retención de refugallos de instalacións sanitarias (aseos) (ISO 8099:2000)
UNE-EN ISO 8665/1M: 2001	Embarcacións de recreo. Motores e sistemas de propulsión mariños. Medición e declaración de potencia (ISO 8665:1994)
UNE-EN ISO 8666: 2003	Datos principais (ISO 8666:2002)
UNE-EN ISO 9093-1: 1998	Embarcacións de recreo. Billas de fondo e pasacascos. Parte 1: metálicos (ISO 9093-1:1994)
UNE-EN ISO 9093-2: 2002	Pequenas embarcacións. Billas de fondo e pasacascos. Parte 2: non metálicos (ISO 9093-2:2002)
UNE-EN ISO 10088: 2002	Embarcacións de recreo. Sistemas de combustible instalados de forma permanente e tanques fixos de combustible (ISO 10088:2001)
UNE-EN ISO 10133: 2001	Embarcacións de recreo. Sistemas eléctricos. Instalacións de corrente continua a moi baixa tensión (ISO 10133:2000)
UNE-EN ISO 10239: 2001	Embarcacións de recreo. Sistemas alimentados por gas licuado de petróleo (GLP) (ISO 10239:2000)
UNE-EN ISO 11105: 1997	Embarcacións menores. Ventilación das salas de motores de gasolina e/ou dos compartimentos para os depósitos de gasolina (ISO 11105:1997)
UNE-EN ISO 11812: 2002	Embarcacións pequenas. Bañeiras estancas e bañeiras de baleirado rápido (ISO 11812:2001)
UNE-EN ISO 12215-1: 2001	Embarcacións de recreo. Construción de cascos e escantillóns. Parte 1: Materiais: resinas termoestables, reforzos de fibra de vidro, laminado de referencia (ISO 12215-1:2000)
UNE-EN ISO 12215-2: 2003	Embarcacións de recreo. Construción de cascos e escantillóns. Parte 2: Materiais: materiais de recheo para construcións tipo sándwich, materiais embebidos (ISO 12215-2:2002)
UNE-EN ISO 12215-3: 2003	Embarcacións de recreo. Construción de cascos e escantillóns. Parte 3: Materiais: aceiro, aliaxes de aluminio, madeira e outros materiais (ISO 12215-3:2002)
UNE-EN ISO 12215-4: 2003	Embarcacións de recreo. Construción de cascos e escantillóns. Parte 4: Materiais: talleres de construción ou fabricación (ISO 12215-4:2002)
UNE-EN ISO 12217-1: 2002	Embarcacións de recreo. Avaliación e clasificación da estabilidade. Parte 1: Embarcacións non propulsadas a vela de eslora igual ou superior a seis metros (ISO 12217-1:2002)
UNE-EN ISO 12217-2: 2002	Embarcacións de recreo. Avaliación e clasificación da estabilidade. Parte 2: Embarcacións propulsadas a vela de eslora igual ou superior a seis metros (ISO 12217-2:2002)
UNE-EN ISO 12217-3: 2003	Embarcacións de recreo. Avaliación e clasificación da estabilidade. Parte 3: Embarcacións de eslora inferior a seis metros (ISO 12217-3:2002)
UNE-EN ISO 13297: 2001	Embarcacións de recreo. Sistemas eléctricos. Instalacións de corrente alterna (ISO 13297:2000)
UNE-EN ISO 14895: 2003	Pequenas embarcacións. Fornelos de cociña alimentados por combustible líquido (ISO 14895:2000)
UNE-EN ISO 14946: 2002	Embarcacións de recreo. Capacidade de carga máxima (ISO 14946:2001)
UNE-EN ISO 15085: 2003	Pequenas embarcacións. Prevención da caída de persoas ao mar e reembarque a bordo (ISO 15085:2003)
EN 60092-507: 2000	Instalacións eléctricas dos barcos. Parte 507: embarcacións de recreo (IEC 60092-507: 2000)

ANEXO III

Modelo solicitude de inscrición de embarcacións de recreo e de solicitude de número de identificación do servizo móbil marítimo (MMSI)

1. Solicitude de inscrición de embarcacións de recreo

Solicitante:

Nome:	DNI/NIF/Tarxeta de identidade de estranxeiro/Pasaporte	Nacionalidade
Teléfono de contacto:	Domicilio:	
Código postal:	Cidade:	Provincia:

Expón: que adquiriu a embarcación e o motor que seguidamente se indica, e que desexa matricular, e para estes efectos presenta a documentación que figura a seguir, sinalada cun X. Así mesmo solicita que se conceda a zona de navegación _____, embarcando a bordo _____ persoas.

Para a súa inspección, a embarcación encóntrase en _____

Embarcación:	Documentos que se presentan
Tipo embarcación: vela / motor	() Solicitude do MMSI , se procede
Marca:	() Declaración de conformidade da embarcación ** e fotocopia do certificado do organismo notificado , se procede
Modelo:	() Declaración de conformidade do motor ** para emisións sonoras ⁽¹⁾ e fotocopia do certificado do organismo notificado , se procede
CIN ou nº de serie:	() Declaración de conformidade do motor ** para emisións de escape ⁽²⁾ e fotocopia do certificado do organismo notificado
Eslora:	() Manual do propietario para a embarcación en castelán
Manga:	() Manual do propietario para o motor en castelán
Material casco:	() Certificado de inspección de buques *
Carga máxima:	() Certificado de homologación *
Nº máximo persoas:	() Certificado de construción por unidades *
Categoría de deseño:	() Proxecto asinado por técnico competente e visado por colexio
Cociña de gas: si / non	() Achega do título de adquisición da propiedade ou dereito de desfrute **
Cabina habitable: si / non	() Autorización a outra persoa física ou xurídica para que actúe no seu nome , se procede
Cámara de flotabilidade: si / non	() Certificado baixa do rexistro do país de orixe *
Motor:	() Despacho de alfándegas (para as procedentes de países terceiros) **
Marca:	() Impreso de imposto especial sobre determinados medios de transporte (Modelo 576) (selado pola Axencia Estatal da Administración Tributaria) *
Modelo:	() Taxa de inscrición (liquidada) *
Nº de serie:	() Certificado da(s) balsa(s) salvavidas , se a zona solicitada as require.*
Potencia (kW):	() Xustificante pagamento da tarifa T-0 de sinalización marítima *
Rpm:	() Outros: _____
Combustible: gasolina/diésel	* Orixinal ** Orixinal ou fotocopia (1) Foraborda ou intra/foraborda con escape integrado (2) Intraborda, foraborda, intra/foraborda con escape integrado, intra/foraborda sen escape integrado.

Solicita:

A inscrición da embarcación na lista _____ da matrícula de _____, a favor do solicitante, de conformidade co disposto no Real decreto ____/____, de _____, para o cal propón a seguinte terna de nome por orde de preferencia:

1.	2.	3.
-----------	-----------	-----------

O titular asume, en caso de nomes xa existentes, que a capitanía marítima lle asigne o ordinal correspondente ao nome preferente da terna.

Lugar e data:

Sinatura:

SR. CAPITÁN MARÍTIMO DE _____

**2. Solicitud de número de identificación do servizo móbil marítimo (MMSI)
(Para transmisores de chamada selectiva dixital e radiobalizas satelitarias)**

DATOS DO SOLICITANTE

NOME:	_____	NIF/CIF:	_____
DOMICILIO:	_____	CP:	_____
CIDADE:	_____	PROVINCIA:	_____
TFNO.:	_____	FAX:	_____
		CORREO ELECTRÓNICO:	_____
En representación da empresa propietaria do buque:			

DATOS DO BUQUE

NOME:	_____	DISTINTIVA/ NIB:	_____
MATRÍCULA:	_____		
PROPIETARIO:	_____	NIF/CIF:	_____
DOMICILIO:	_____	CP:	_____
CIDADE:	_____	PROVINCIA:	_____
TFNO.:	_____	FAX:	_____
		CORREO ELECTRÓNICO:	_____

DATOS DOS EQUIPAMENTOS

TIPO DE EQUIPAMENTO	MARCA	MODELO	Nº DE SERIE	Nº APROBACIÓN

O abaixo asinante declara que os datos indicados son certos.

Data:

Sinatura/selo:

ANEXO IV

Licenza de estación de barco e certificado de navegabilidade



MINISTERIO DE FOMENTO
SECRETARÍA XERAL DE TRANSPORTES
DIRECCIÓN XERAL DA MARIÑA MERCANTE

Licenza de estación de barco
licence de station de navire
ship station licence

LICENZA Nº:

VÁLIDO ATA:

De conformidade co artigo 4 do Decreto do 6 de abril de 1943 e a Orde ministerial do 10 de xuño de 1975 e co Regulamento de radiocomunicacións (RR18) anexo á Constitución e ao convenio internacional de telecomunicacións vixente, autorízase por esta licenza a instalar e utilizar os equipamentos radioeléctricos que se describen a continuación:

(1) NOME DO BUQUE	(2) DISTINTIVO/ MMSI	(3) GT/ESLORA	(4) TITULAR DA LICENZA	(5) ÁREAS DE NAVEGACIÓN AUTORIZADAS

Nº EQ	TIPO DE EQUIPAMENTO	MARCA E MODELO	POTENCIA	CLASES DE EMISIÓN	BANDAS DE FRECUENCIAS AUTORIZADAS

(autoridade que expide a licenza)

Lugar /Data

Selo/Sinatura:

ESPAÑA
Spain



Ministerio de Fomento
Dirección Xeral da Mariña
Mercante

**Certificado de navegabilidade e inventario do equipamento para embarcacións
de recreo de eslora menor ou igual de 24 metros**

NOME		MATRÍCULA				NIB	
Nº de homologación							
Marca e modelo						Ano de construción	
Número de serie						Material do casco	
Eslora ISO (m):		Eslora ISO (m):		Manga ¹ (m)		Puntal ² (m)	
Arqueo (regra 2ª) :		Desprazamento (Ton):		Carga máxima (kg):			
Potencia máxima (kW):		Nº máximo de persoas permitido a bordo				Tripulación: Pasaxeiros:	
Categoría de deseño						Módulo	
Zona de navegación							

O funcionario que subscribe, debidamente autorizado,

CERTIFICA:

- 1.- Que o equipamento relacionado ao dorso exixido á embarcación é o requirido para as zonas de navegación asignadas, de acordo coa normativa vixente.
- 2.- Que a embarcación queda sometida aos recoñecementos intermedios, periódicos ou extraordinarios establecidos no anexo I do Real decreto 1434/1999, do 10 de setembro.

Expedido en Madrid o

(Sinatura do funcionario autorizado)

Selo ou estampilla, segundo corresponda, da autoridade expedidora.

<p>A entidade de inspección que subscribe, designada conforme o Real decreto 1434/1999, do 10 de setembro, CERTIFICA que esta embarcación foi recoñecida de acordo co establecido no anexo I do citado real decreto e que esta embarcación, como tamén o seu equipamento, foron encontrados aceptables para o tipo de navegación asignada.</p>			
Nome da entidade e selo:	Recoñecemento realizado ³ Tipo:	Próximo recoñecemento: Tipo:	Observacións:
Nome e sinatura do inspector:	Data:	Data:	
Nome da entidade e selo:	Recoñecemento realizado ³ Tipo:	Próximo recoñecemento: Tipo:	Observacións:
Nome e sinatura do inspector:	Data:	Data:	
Nome da entidade e selo:	Recoñecemento realizado ³ Tipo:	Próximo recoñecemento: Tipo:	Observacións:
Nome e sinatura do inspector:	Data:	Data:	
Nome da entidade e selo:	Recoñecemento realizado ³ Tipo:	Próximo recoñecemento: Tipo:	Observacións:
Nome e sinatura do inspector:	Data:	Data:	
Nome da entidade e selo:	Recoñecemento realizado ³ Tipo:	Próximo recoñecemento: Tipo:	Observacións:
Nome e sinatura do inspector:	Data:	Data:	

[1] É o máximo largo do casco na súa proxección horizontal e medida na cara exterior do forro.

[2] É a máxima dimensión vertical medida á metade da eslora, desde a cara superior do trancanil ou liña de cuberta ata a cara inferior do casco na súa intersección coa quilla.

[3] Recoñecemento: intermedio, periódico, extraordinario

NOME	PORTO MATRÍCULA, LISTA E FOLIO	NIB

INVENTARIO DO EQUIPO

1 – Maquinaria propulsora ⁴

Tipo	Marca/Modelo	Nº de serie	Combustible	Potencia (kW)	RPM

2 – Grupos electrógenos:

Tipo	Marca/Modelo	Nº de serie	Potencia(kW)	RPM	Corrente-V-Hz

3.-EQUIPAMENTO DE ACHIQUE E CONTRA INCENDIOS ⁵

Bombas eléctricas/manuais:	Bombas accionadas por motor principal ou outra fonte	Bomba manual e fixa (veleiros)
Sistema fixo C.I.:	Detector de gases en habilitación:	
Extintores 21B	34B:	55B: Outros
Extractor de gases en Cª máquinas:	Baldes con rabiza:	Achicador:

4.-EQUIPAMENTO DE SALVAMENTO ⁵

¿Leva balsas salvavidas?:	Nº de chalecos salvavidas:	Nº de aros:	Con luz e rabiza:
Bengalas de man:	Sinais fumixenos flotantes:	Foguetes con paracaídas:	Sinais fumixenos flotantes:

5.-LUCES DE NAVEGACIÓN ⁵

Babor / Estribor:	Tope:	Alcance:	Todo horizonte:	Lanterna:
-------------------	-------	----------	-----------------	-----------

6.-EQUIPAMENTO DE FONDEO, AMARRE E MATERIAL DIVERSO ⁵

Liñas de fondeo:	Áncoras:	Cabos de amarre:		
Inflador/kit pneumáticas:	Canas de emerxencia:	Caixa de urxencias:	Bicheiro:	Remos:

7.-MATERIAL NÁUTICO ⁵

Barómetro:	Compás de marcacións:	Pavillón nacional:
Bucina de brétema:	Compás de puntas:	Prismáticos:
Cambota ou similar:	Corredeira:	Regra de 40 cm.:
Cartas e libros náuticos:	Cronómetro:	Reflector de radar:
Código de bandeiras:	Diario de navegación:	Sextante:
Código de sinais:	Espello de sinais:	Taboíña de desvíos:
Compás:	Lanterna estanca:	Transportador:

8.-EQUIPAMENTO DE RADIO E NAVEGACIÓN RADIOELÉCTRICA ⁵

Equipamento	Obrigatoriedade	Equipamento	Obrigatoriedade	Equipamento	Obrigatoriedade
VHF		NAVTEX			
RBL		GPS			
Respondedor		Radar			
VHF portátil		Sonda			
MF/HF					

[4] Se o motor é foraborda só se cubrirá o dato da potencia máxima (kW)

[5] Indicarase soamente para cada equipamento se a embarcación ten que levalo ou non, sen especificar número nin características.

- Todos os equipamentos obrigatorios e non obrigatorios instalados a bordo deberán ser homologados ou aprobados pola Dirección Xeral da Mariña Mercante e a súa instalación deberá ser autorizada pola Dirección Xeral da Mariña Mercante.
- Non se manterán a bordo equipamentos ou elementos pasada a data da súa caducidade.
- Levaranse chalecos adecuados para os nenos.
- Os propietarios e/ou usuarios das embarcacións de recreo son os responsables de equipar a embarcación de acordo coa normativa vixente e levar a bordo dela a totalidade do inventario que corresponde á súa clase e zona de navegación asignada, de conformidade coa Orde FOM 1144/2003, do 28 de abril, pola que se regulan os equipamentos de seguranza, salvamento, contra incendios, navegación e prevención de verteduras por augas sucias, que deban levar a bordo as embarcacións de recreo.
- O incumprimento do anterior está sancionado pola Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da mariña mercante.

OBSERVACIÓNS: